O CEIP López Ferreiro loita pola Paz

Enviado por admin [1] o Lun, 02/13/2023 - 09:45
Curso 22_23 [2]

A celebración do *Día Escolar pola Paz* é unha boa ocasión para a formación de actitudes e comportamentos **que favorezan a convivencia** nun entorno cada vez máis diverso e fomentar un **desenvolvemento integral** das persoas basado na igualdade de dereitos e oportunidades.

Ademais, tendo en conta que os conflitos do futuro terán como orixe a loita polos recursos naturais, este ano todo o centro participou de diferentes propostas dinamizadas desde o Equipo de biblioteca, o Equipo de medio ambiente e os de Seccións bilingües. Un ha mostra dos seus resultados pódense ver no seguinte enlace: https://bibliolulu.blogspot.com/2023/01/dia-da-paz.html [3]

Por outra banda, este ano o alumnado de 5º e 6º de primaria deseñou un mural cooperativo dentro dunha actividade proposta por *Asamblea de Cooperación pola Paz,* e coordinado polo Equipo de actividades complementarias e extraescolares do centro. De todo o que falaron e aprenderon, quedou un fermoso testimonio gráfico nunha parede do colexio.

En definitiva, diversas propostas para desenvolver, asemade, os obxectivos de desenvolvemeneto sostible da Axenda 20/30.

Drupal
Feito con Drupal (ver. 6.28)
WEBSDinámicas
Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/521

Links:
[1] https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2
[2] https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/74
[3] https://bibliolulu.blogspot.com/2023/01/dia-da-paz.html